



Xuntanza da Comisión Paritaria de Acción Social

Aínda non hai acordo coa Administración para o Plan de Acción Social deste ano, nas reunións destes días houbo poucos avances. A pesar do brutal recorte que haberá nas axudas, xa hai organizacións sindicais dispostas a asinar o Plan. Desde a **CIG** insistimos en que a Administración debe achegar máis cartos, xa que non queremos ser os cómplices dos seus recortes.

Cambios previstos para o Plan de 2013 (aínda non definitivos):

---**Axuda primeira infancia**: Pasa a denominarse cuidado de fillos menores de 3 anos. A Administración non comparte a idea de pagar previa xustificación de factura do gasto orixinado aínda que o poderían asumir.

---**Desenvolvemento educativo**: Será necesario acreditar a escolarización dos fillos de máis de 16 anos así como o pago da matrícula.

---**Estudos dos empregados públicos**: Asumen a proposta de pagar 160 euros para estudos de educación secundaria e acceso a universidade.

Para educación superior o importe sería de 360 euros. Non darán axuda nin para taxas administrativas nin seguro escolar.

---**Promoción**: O artellamento desta axuda aínda está moi verde, xa que a xuízo da Administración, pódese disparar o gasto se a AEAT asume os gastos de desprazamento. Incrementaríase o apartado 2.2 desta axuda co pago de clases, temarios, etc para así incentivar a promoción. Como dato, a AEAT comentou que no ano 2012 gastouse neste apartado 176.000 euros.

---**Discapacidade e dependencia**: A AEAT coméntanos que se se mantén a axuda base como ata agora e se pide con factura de gasto, esta axuda podería desaparecer xa que chocaría coa de MUFACE (que se publicou no BOE no mes de marzo). Hai que darlle unha volta máis, pois non estamos dispostos a suprimir máis axudas.

---**Saúde**: Aínda esta por decidir se se pecha ao Tramo 4 (ata agora, para obter esta axuda non había límite de renda).

---**Xubilación**: A Administración non quere que esta axuda se pague de oficio (habería que solicitala expresamente), pero curiosamente non se nega a pagar a dita axuda aos que prolonguen a súa vida laboral máis aló dos 65 anos. O importe da axuda estaría en 470 euros.

---**Falecemento, invalidez e incapacidade**: Preténdese poñer un tope máximo e aclarar o concepto de beneficiarios, excluindo aos irmáns (polo que serían, por esta orde: cónxuxe, fillos, e pais).

En canto ao **importe máximo a percibir por axudas de acción social** podería quedar en máis ou menos 2.200 euros, sen contar as excepciónais nin falecemento.

Como vedes, aínda hai moitas cousas por decidir e negociar, quedamos coa Administración para o mes de maio. Seredes puntualmente informados das novidades.